



Cidades Patrimonio

Ávila

O Grupo "Cidades Patrimonio da Humanidade" creouse co fin de actuar de maneira conxunta na defensa do patrimonio histórico e cultural destas cidades e para manter e promocionar determinados xeitos de vida que estes núcleos históricos necesitan. Para isto, realízanse proxectos e propostas comúns, establécense políticas de intercambio de experiencias e afrontase a resolución de problemas de todas as urbes do grupo. Todas estas accións manteñen a personalidade de cada unha delas e recoñecen que a riqueza dun conxunto histórico reside na súa individualidade.

Para cumprir estes obxectivos creouse, entre outras iniciativas, o programa educativo denominado Coñecer as Cidades Patrimonio, dirixido ao alumnado de educación secundaria obrigatoria que vive e estuda nas cidades patrimonio da humanidade. O programa busca aprender a coñecer e valorar non só a cidade propia, senón o resto de cidades que ostentan o mesmo título, mediante traballos realizados nas aulas por grupos, dirixidos por profesorado do centro e sobre temas previamente acordados para cada convocatoria.

Obxectivos

Os obxectivos que se perseguen con este programa son:

- ✦ Facilitarlle ao estudiantado o coñecemento, non só da súa cidade, senón doutras cidades patrimonio da humanidade.
- ✦ Promover o intercambio entre o estudiantado das cidades patrimonio da humanidade de España.
- ✦ Concienciar ao estudiantado da importancia de vivir nunha cidade patrimonio da humanidade.
- ✦ Fomentar entre todo o alumnado participante unha actitude de cidadanía activa, receptiva e de diálogo diante dos problemas das cidades patrimonio.
- ✦ Entender o patrimonio como un recurso sostible e referente da súa identidade.

Tema do Traballo

"Patrimonio e xuventude"

✦ As cidades patrimonio e os seus contornos como centros de interese; facilitarase que o alumnado coñeza a realidade do seu territorio a partir das súas propias percepcións e favorecerase a participación en experiencias colectivas e innovadoras.

✦ Convivencia coeducativa e intercultural.

✦ A cohesión social, coa esixencia de reflexión, debate e encontro que require hoxe en día a mocidade de parte dos diversos sectores da sociedade. Neste senso, as cidades patrimonio, deben constituír espazos de encontro entre xeracións, asumir o rol educativo e social.

✦ A educación da xente nova sobre o patrimonio, como base do desenvolvemento sostíbel e dun espazo integrado e educativo. Promoverase a investigación das distintas cidades por rapaces e rapazas, xa que constituen o patrimonio máis valioso dun país, o presente e o futuro da nosa sociedade.

✦ Conservación e posta en valor das herdanzas culturais e naturais mediante a educación, para que os diferentes sectores da sociedade, nomeadamente a mocidade, aprendan a conservar e defender o seu patrimonio.

Destinatarios

✦ Grupos de escolares de ESO dos centros educativos das cidades que compoñen o Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España.

✦ Os proxectos de investigación e os plans de traballo realizaranse entre as cidades, consonte cos seguintes emparellamentos:

Mérida - San Cristobal de La Laguna

Salamanca - Toledo

Segovia - Tarragona

Eivissa - Cuenca

Santiago de Compostela - Córdoba

Alcalá de Henares - Cáceres

Ávila - cidade que se elixa

Os centros educativos da cidade de Ávila poderán presentar traballos sobre calquera das outras doce cidades.

Ficha de Inscripción

Cidade:

Centro educativo:

Enderezo:

Teléfono / Fax:

Correo electrónico:

Curso : Nivel: Nº alumnado (máximo 15):

Profesorado responsábel:

Cidade sobre a que se realizará o proxecto:

Título do proxecto de investigación (1):

O centro educativo presenta outros plans de traballo e proxectos de investigación?

 Sí Non Non o sabe

Lista do alumnado que participa nos traballos (achegala nunha folla á parte)

(1) En caso de cambio comunicarllo ao Concello

Enviar ao Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela antes do 6 de outubro de 2008.

Praza do Obradoiro nº 1.
15705-Santiago de Compostela.
Fax: 981- 57 15 11.
dptoeducacion@santiagodecompostela.org